



XENERAIS



DO ULLA



Concello de Boqueixón



Xenerais  
do Ulla

SERGUDE-BOQUEIXÓN  
DOMINGO DE ENTROIDO

**O** Entroido é unha festa cíclica do ano que se celebra o domingo de Entroido na parroquia de Sergude-Boqueixón. De entre as diferentes expresións do entroido, é preciso destacar a dos Xenerais do Ulla, unha tradición centenaria da que temos as primeiras noticias escritas polo escritor Alfredo Alberti, no seu libro “A orillas del Ulla”.

A orixe destes desfiles de xenerais e correos parece estar na Guerra da Independencia. A parte principal que se reflicta no entroido do Ulla era un combate entre os paisanos e as tropas de Napoleón.

Máis próxima a unha explicación antropolóxica e lonxe xa das teorías sobre a orixe desta manifestación, a súa pervivencia no paso do tempo pode deberse á necesidade de autoafirmación dunhas parroquias fronte a outras, necesidade xurdida pola concepción tradicional do ente parroquial, como un núcleo illado e que dota dun fortísimo arraigo aos parroquianos que nel habitan.



Un dos referentes desta antiquísima tradición dos Xenerais do Ulla, atópase na parroquia de Sergude (Boqueixón), sendo a expresión dunha das manifestacións culturais máis significativas e senlleiras das xentes do noso Concello.



Son os xenerais e os correos, característicos personaxes que percorren toda a parroquia de Sergude vestidos con engalanados traxes a lombo de briosos cabalos, dando as vivas a tódolos veciños e entretendo ós visitantes con vistosos altos ou atranques (loitas dialécticas, cunha singular declamación, entre xenerais que con forte ironía e retransca tratan os acontecementos máis destacados da actualidade política, social, cultural,..etc).

QUE CHE PASOU RAPACIÑA  
QUE CHEGACHES SEN ALENTO  
SEI QUE FOCHE POLO AIRE  
E VIÑECHES POLO VENTO.

MIÑA NAI MOITO CORRÍN  
PARA TRAERCHE NOTICIAS DA ALDEA  
O ENTROIDO CHEGOU A SERGUDE  
POLA MAÑÁ XA LLE VIN AS ORELLAS.

HABERÁ QUE DEIXALO PASAR  
SEN POÑER IMPEDIMENTO  
QUE HOXE É DOMINGO DE ENTROIDO E ÉL ESTÁ  
NO SEU DEREITO.

XA SE ESCOITAN AS COMPARSAS  
DIANTE VEÑEN OS CABALOS  
ESPELLOS VEN FERMOSES  
VIRÁN ENGALANADOS.

OS XENERAIS DE MONTURA  
COS TRICORNIOS ENRIBA DA TESTA  
CON PLUMAS E MIL ADEREZOS  
LUCIRÁN O TRAXE DE FESTA.

Atranque dos Xenerais  
Entroido de Sergude